



CONCLUSIÓNS

CUESTIÓNS ECOLÓXICAS E SILVÍCOLAS

1. Para a toma de decisións fronte a un incendio, resulta esencial coñecer a relación entre o lume e a meteoroloxía e dispoñer dun **sistema** de avaliación e de **predición do nivel de risco** ao que está exposto cada territorio. Os modelos de prevención deben rexistrar variables climatolóxicas, mais tamén deben ter en conta **variables mixtas** como a **compoñente sociolóxica** e o historial de incendios. Ademais estes modelos deben ser constantemente actualizados e adaptados ao momento e ao lugar. No contexto das tarefas de extinción, é prioritario dispor dunha predición do comportamento do lume que mellore a eficacia dos medios de loita e a seguridade dos combatentes e as persoas ameazadas.
2. A existencia dunha ou outra especie nunha zona concreta non é tan determinante para o número e intensidade dos lumes como a forma en que se **xestionen esas extensións de monte**, os **usos que se lles dean** e a relación que teña a sociedade con eles. A clave está no abandono, na **ruptura do vínculo do medio rural co monte**. **De calquera xeito, a diversificación de especies e uso é na actualidade algo moi recomendable e non só desde unha óptica ecolóxica, senón tamén económica.**
3. Considerando a estrutura da propiedade do monte existente en Galicia, con máis de **60000 propietarios particulares**, calquera medida de prevención, reforestación ou conservación debe contar con la opinión deste colectivo e ter en conta que o monte debe ser **rendible** para que os seus propietarios se impliquen na súa defensa. Os poderes públicos



- deben planificar, **ordenar** e, nas superficies en que ten competencia (montes de titularidade pública e de xestión pública, montes veciñais...), actuar directamente.
4. Varios dos expertos amósanse moi críticos coas **políticas de reforestación**, ás que acusan de ser simples “**parches**”, en lugar de constituír unha verdadeira política de ordenación.
 5. A paisaxe ten unha compoñente subxectiva, mais tamén unha parte obxectiva: de riqueza natural, de biodiversidade. Cando o lume arrasa un terreo, as **perdas de solo** poden ser irreversibles. Se se produce unha **erosión** por riba das taxas de formación do terreo, acádase unha **degradación permanente do ecosistema**. Os lumes repetidos con moita frecuencia e intensidade reducen a biodiversidade e, pola súa acción, as paisaxes tenden a simplificarse.
 6. O actual debate sobre a **nova lei do sector eléctrico** pode ser fundamental para o monte galego. Se se aposta pola **enerxía verde**, a través de compensacións económicas ou outros procedementos, esta podería facer moi **rendibles** as empresas de produción eléctrica a partir de biomasa. A importancia deste proceso é, sobre todo, que esta modalidade de produción eléctrica parte dunha **actividade económica preferentemente rural** cuxos beneficios poderían reverter nestas zonas.
 7. A silvicultura é un elemento clave, en conxunción coa ordenación do territorio, para a prevención dos lumes e a mitigación do seu impacto. Cómpre a diversificación de especies e a expansión das caducifolias e o control dos **elementos combustibles** existentes no monte, a través de labores silvícolas preventivos específicos, actividades tradicionais (**silvopastoreo**), o uso da biomasa para a **produción** de enerxía ou de **queimas prescritas** realizadas por equipos preparados.
 8. As rozas non deben ser abusivas e debe desbotarse a utilización da palabra “limpeza” (que suporía a eliminación de algo inútil) para as intervencións no control do mato. O mato é algo propio e mesmo necesario do ecosistema forestal atlántico. Na prevención do risco de incendios débese acadar un equilibrio entre a redución da biomasa



combustible e a integridade do sistema. A vexetación do sotobosque e os restos vexetais son clave no mantemento do ecosistema, na fertilidade do solo e na retención de humidade.

9. É absolutamente necesario contar cun organismo que sexa capaz de xestionar e de **integrar** todo o relacionado coa política de conservación do medio natural, unha institución que coordine as actuacións levadas a cabo polas distintas administracións, que **unifique criterios** e que lles poida facer fronte ás accións necesarias para organizar a restauración e recuperación das áreas queimadas.

ASPECTOS SOCIAIS, ECONÓMICOS E POLÍTICOS

1. A **infrautilización** do mundo agrario erixiuse como a primeira causa estrutural dos incendios. Os usos tradicionais do monte, como fornecedor de alimento para o gando, de combustible para as casas e de fertilizante para as leiras, non foron substituídos por ningún outro en moitos lugares, e noutro derivou nun **monocultivo económico** e nun uso reducido á produción de madeira.
2. A segunda gran causa da propagación do lume é a urbanización difusa. As zonas rurais tamén están a sufrir a **presión urbanística** e mesmo a **presión da produción enerxética**. Moitos montes veciñais foron vendidos a empresas para a instalación de parques eólicos.
3. É necesario incrementar o **investimento en prevención, en fomento do emprego local na zona rural**. A primeira vista, pode semellar caro, pero non o é dende o momento no que se formula a seguinte cuestión: ¿pode permitirse Galicia sufrir e pagar economicamente unha catástrofe natural cada tres anos?
4. Os **recursos** cos que se conta para xestionar os montes son escasos. As iniciativas que se emprendan non deberían depender por enteiro dos



fondos públicos e da administración; débense promover iniciativas **encamiñadas a mobilizar o capital privado**. Se se **liberasen estes recursos**, a administración podería centrarse en comunidades e espazos máis abandonados ou con menos capital, o que repercutiría nunha **meirande eficacia a curto prazo no campo da prevención contra incendios** e unha maior eficiencia.

5. Sempre se lles puxeron trabas aos **labregos** para **converterse en silvicultores**. A alternativa produtiva dos montes ten que fomentarse dentro da propia sociedade rural, nos propios labregos, que están capacitados para xestionar un monte diferente, un monte forestal.
6. A percepción social do monte está en función do beneficio que se obteña del. Por iso é necesario potenciar o monte, procurarlle unha serie de usos cunha certa vertente de **ocio e ecoloxía**. Cómpre **fixar poboación na Galicia interior** e poñer en práctica unha política de **reconversión dos espazos de cultivo** en superficies capaces de mover cartos, que estean reguladas por unha serie de políticas de desenvolvemento local e rural nas que quede clara a implicación directa de cada un dos seus protagonistas.
7. É necesario para Galicia contar cun verdadeiro plan forestal, un proxecto de país, **unha planificación global e integral** do monte galego como non houbo nin hai até agora.
8. Un dos maiores erros da política levada a cabo durante o franquismo estivo no feito de instalar grandes áreas forestais sen deixar **un mínimo de reserva económica** para facer os traballos pertinentes. Se daquela se tiveran feito os necesarios traballos silvícolas habería agora outros resultados, sobre todo teríamos percibido o gran resultado social que sería **manter o traballo no monte** e tería xurdido unha masa social que apoiase esa fonte de riqueza. Ao non facelo, o monte quedou abandonado e **pasou de ser unha fonte de traballo a ser un estorbo**.



9. É **necesario diversificar** o monte creando un tipo de masa multifuncional. Ten que haber monte con vocación de conservación, con función ecolóxica e masas produtivas, contemplando esta multifuncionalidade a **integración de varias especies, producións e vocacións**.
10. A **loita contra incendios** debe ser un **valor transversal** que ten que estar presente en toda a política forestal. Non é desexable que o problema dos incendios presida e **determine calquera tipo de planificación** que se queira poñer en marcha, pero debe terse en conta, e hoxe por hoxe é **inevitable** que sexa así.

PERCEPCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN CÍVICA E INFORMACIÓN

TRATAMENTO INFORMATIVO

1.A **cobertura informativa** dos incendios do verán de 2006 foi maior **cuantitativamente** que a de anos anteriores, pero non **calitativamente**. É necesaria a elaboración de **estratexias de comunicación** de cara a futuras situacións de crise similares, xa que desas estratexias vai depender a visión que os cidadáns teñan do conflito.

2.A política de comunicación no caso dos lumes ten que ser **proactiva**, non reactiva. É imprescindible organizar cuestións como **a mensaxe, a súa xestión e os voceiros autorizados**. Outro tema importante é o emprego de **novas tecnoloxías** para difundir datos, xa que minimizan custos e chegan por igual a todos os interesados.

3.A emisión por televisión das **imaxes dos incendios** cando aínda están activos é un tema moi controvertido. Por unha banda, cómpre ter coidado co poder de **atracción e de imitación** que ten o lume, así como da espectacularidade e a ansia de protagonismo dos pirómanos; e, pola outra, hai



que contar coa capacidade **instrutiva e pedagóxica** dos medios para crear conciencia do problema.

4.Os lumes puideron emerxer, por primeira vez, como tema público, algo imprescindible para que Galicia encare a recta final da súa modernización. Porén, para que iso sucedese, **os medios deberían converter o asunto nun problema público, e, no canto diso, tratárono como un espectáculo e como un problema político**. Cando un asunto se sitúa na loita política a xente adoita a non consideralo un problema real. En Galicia, **os lumes non aparecen entre esas principais preocupacións, non existe esa concienciación**. Cómpre, xa que logo, que os medios enmarquen os lumes doutro xeito para axudar a que os cidadáns os perciban como un problema público.

5. A xuventude actual pasa **máis tempo diante da televisión que no colexio**, polo que os medios deben potenciar o seu labor educativo e cultural. É necesario instruír a poboación sobre certos temas e a televisión, como medio de masas, ten o poder e a capacidade de facelo. Neste senso, tamén o **papel dos profesores** de ensino secundario é **fundamental**. Cómpre coidar o monte e ensinarlle á xente a respectalo e apreciálo, e esa mensaxe ten que comezar a interiorizarse desde a mesma escola.

6.Hai que entender que os medios de comunicación non van sufocar os incendios, pero si que poden **contribuír a crear conciencia**, aínda que sexa un proceso a longo prazo. Os medios teñen **unha función social** moi importante, hai que fomentar a transparencia informativa, desenvolver **políticas de comunicación a medio e longo prazo** de carácter proactivo e impulsar o emprego dunha **linguaxe menos alarmista e catastrofista**.

7. Resulta de máximo interese que a mensaxe transmitida polas administracións e institucións implicadas na loita contra o lume , sobre todo nos momentos de crise, se faga a partir dun voceiro único e autorizado.



EDUCACIÓN CÍVICA E PERCEPCIÓN SOCIAL

8. Presentáronse as conclusións do estudo sobre *A percepción social dos incendios forestais do 2006 na poboación galega*, realizado pola Unidade de Psicoloxía do Consumidor e o Usuario (PsiCom) da USC. Ricardo García Mira salientou a énfase posta polos cidadáns nas “accións criminais intencionadas” como causa principal dos lumes, aglutinando case un terzo das respostas, por diante doutras causalidades relacionadas coa “actitude irresponsable da xente”, as “altas temperaturas do verán” ou o “abandono do monte”. García Mira atopa nesta resposta un indicio dunha **tendencia da sociedade galega a eludir a súa responsabilidade individual e colectiva**.

9. A enquisa indica que tan só o 17% dos galegos afirma non ter relación ningunha co monte. Pero, así e todo, a atribución de responsabilidades segue a ser externa, mesmo entre os propietarios.

10. A enquisa amosa así mesmo unha significativa **diferenza entre realidade obxectiva** (o número real de lumes no 2006, que non constituíu un récord) e **percepción subxectiva** (a opinión xeneralizada de que foi a peor vaga de incendios da historia do país), que Carmela García atribúe a unha maior **exposición ao lume** (incendios máis preto das casas e das zonas máis poboadas) e a un **maior despregamento mediático**.

11. A enquisa revela ademais que a **televisión** foi, con certa diferenza, o medio escollido polos cidadáns para informarse sobre os lumes, seguida da prensa; o uso do resto das fontes de información (radio, veciños, internet...) foi practicamente anecdótico.

12. Denúnciase a **ausencia de coñecemento** e de contidos divulgados **nos centros educativos galegos sobre os problemas e potencialidades do monte**, mesmo naqueles lugares cunha superficie forestal importante e nos que o monte constitúe unha das súas principais bases económicas, ou que contan con comunidades de montes moi activas. Estímase que a orixe do problema está na **ausencia de todos estes temas nos deseños curriculares** da educación primaria e secundaria.



13. Os expertos reclamaron que se incida na **educación escolar, que debe formar cidadáns críticos**, chamando a atención sobre os valores ambientais do monte, alén do seu valor económico. Asemade, esta educación ambiental non debe quedar unicamente dentro das aulas, senón que debe atinxir a todos os axentes sociais.